

ANEXO 1

TÁBOA ADESTRAMENTO

RELACIÓN DE SITUACIÓNS DE POSIBLE CONTAXIO E MEDIDAS DE TRATAMENTO

Sempre que sexa posible, durante a práctica da actividade deportiva deberá manterse a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.

Cando a actividade deportiva poida supor contacto físico ou non se garanta a distancia de seguridade de 1,5 metros entre as persoas que a practican, deberá utilizarse a máscara.

PAUTAS XERAIS DE ACTUACION:

- E IMPORTANTE A utilización de máscaras autorizadas polas autoridades sanitarias e o máis axeitadas para o deporte.
- O deportista/staff deberá levar unha ou varias máscara de reposto.
- A entidade organizadora da actividade debería contar sempre con máscaras de reposto.
- Cada club deberá desenvolver un proceso formativo práctico básico sobre o uso da máscara na práctica deportiva (adestradores e staff) e incidir na correcta colocación da máscara durante as tarefas de adestramento e na competición.
- Realización diaria de autotest (temperatura, tos, cansancio..) por parte dos deportistas, staff técnico, auxiliares, etc. antes de dirixirse cara o lugar da práctica, que interactúen no adestramento/competición.
- Establecer grupos de adestramento/competición de composición estables e incrementando nas tarefas o número de membros de forma progresiva (parellas, grupos de parellas, etc.). Tamén será progresiva, controlada e rexistrada a interacción entre compoñentes dos diferentes grupos estables de inicio.
- Toma de temperatura en cada adestramento/competición dos deportistas, staff técnico, auxiliares, etc. que interactúen no adstramento/competición
- Regulación e control dos tempos de aproximación e contacto.

- Hai que tender a non quitar e poñer a máscara durante a práctica no adestramento/competición, excepto para repoñela, corrixir axeitadamente a súa colocación ou en tempos de pausa na zona e na forma que se determine, procurando que estas pausas sexan ao aire libre ou nun espazo axeitadamente ventilado, e sempre a máis de 1,5 metros dos demais.
- Cando se organizan as sesións ou as competicións cunha combinación e secuencia ben definida e controlada que alterna un tempo de esforzos en proximidade e contacto e outro de esforzos a máis de 1,5 metros do compañeiro/adversario, nesta parte da práctica o recomendable é utilizar a máscara sempre, sobre todo en interiores.
- Na medida do posible, utilizar espazos ao aire libre e/ou coa mellor ventilación posible. Cando a actividade sexa en interiores e se desenvolva con máscara, de ser necesario, facilitaranse pausas de recuperación ao aire libre ou en zona axeitadamente ventilada, sen correntes de aire e mantendo a distancia de seguridade de 1,5 metros.
- Establecer medidas informativas de concienciación para deportistas, staff, etc. co obxecto de reducir o risco de contaxio na vida social (insistir en que se deben evitar aglomeracións, zonas con máis risco, incrementar medidas de protección en reunións familiares/sociais, etc...).
- Control exhaustivo da sintomatoloxía e posible transmisión a través do procedemento de comunicación do club/deportistas/staff/familias coas autoridades sanitarias segundo estableza este protocolo.
- No caso da competición, valorar adaptacións que diminúan ao máximo a exposición ao risco en canto a proximidade, intensidade, tempo, duración acumulada, pausas, densidade de persoas nas accións, etc
- Na medida do posible, nos adestramentos axustar a sesión para reducir o tempo no que non se poida manter a distancia de seguridade e no que haxa contacto físico. Incrementar progresivamente este tempo de interacción directa, sen chegar a sobrepasar o umbral determinado segundo número de contactos, frecuencia dos mesmos, intensidade e pausas, para cada idade/categoría.
- Na Medida do posible, non usar os bancos (pausas, charlas, etc.) En caso de ser necesario, determinarase a asignación previa dos asentos para o seu uso, garantindo a distancia de seguridade. Desinfectarase despois de cada uso.

ADESTRAMENTO 29-09-20

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTACTO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
ANTES	PAIS	AÉREO/CONTACTO	LEVANDO VARIOS NENOS NO COCHE PARA ADESTRAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - LEVAR TODOS MASCARILLAS. - EVITAR NA MEDIDA DO POSIBLE VIAJAR PERSOAS DE DISTINTAS FAMILIAS NO MESMO VEHÍCULO. - EVITAR O CONTACTO FISICO E EVITAR TOCAR OBTXECTOS DO VEHICULO NA MEDIDA DO POSIBLE. - DESINFECCION DAS PARTES DO VEHICULO SUSCEPTIBLES DE ESTAR EN CONTACTO (cinturóns, manillas das portas...)
ANTES	PAIS	AÉREO/CONTACTO	AO DEIXAR OS NENOS NO PAVILLON	<ul style="list-style-type: none"> - DEIXAR OS NENOS AOA ADESTRADORES E MARCHAR, NON QUEDAR NO PAVILLÓN. - USO DA MASCARA - MANTER A DISTANCIA DE SEGURIDADE. - RESPETAR OS HORARIOS RIGUROSAMENTE
ANTES	PAIS/DEPORTISTAS/ÁRBITROS/ADESTRAD	TODOS	ENTRADA INSTALACION	- TOMA DE TEMPERATURA,
ANTES	DEPORTISTAS/TECNICOS/ARBITROS	TODOS	ADESTRAMENTOS	- GRUPOS ESTABLES (BURBUXA)
ANTES	DEPORTISTAS	CONTACTO	O CALZADO QUE TRAEN DESDE FORA	- NON SE PODERÁ ENTRAR NA PISTA DE XOGO CO MESMO CALZADO QUE SE ACUDIU ATA A INSTALACIÓN/ALFOMBRA DESINFECCIÓN
ANTES	DEPORTISTAS/ADESTRADORES/ÁRBITROS/PAIS	AÉREO/CONTACTO	ENTRADA INSTALACIÓN NA	- OBRIGATORIO MASCARILLA DURANTE TODA A ESTANCIA NA INSTALACION A EXCEPCION D@S DEPORTISTAS E S Ó

ADESTRAMENTO 29-09-20				
MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTACTO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
				DURANTE O PROPIO ADESTRAMENTO, NO CASO DE QUE SE MANTEÑA A DISTANCA DE SEGURIDADE E NO HAXA CONTACTO FÍSICO.
ANTES	ADESTRADORES	CONTACTO	O CALZADO QUE TRAEN DESDE FÓRA	<ul style="list-style-type: none"> – NON SE PODERÁ ENTRAR NA PISTA DE XOGO CO MESMO CALZADO QUE SE ACUDIU ATA A INSTALACIÓN – ALFOMBRA DESINFECCIÓN
ANTES	DEPORTISTAS/ADESTRADORES/ARBITROS	CONTACTO	AS MOCHILAS/BOLSAS	<ul style="list-style-type: none"> – HABILITAR ESPACIO DELIMITADO PARA DEIXALAR O SEU EQUIPAMENTO PERSOAL. – ESTA ZONA DEBE SER PRIVADA E DUN TAMAÑO SUFICIENTE PARA PODER SEPARAR O EQUIPAMENTO DE MANEIRA SEGURA, IDEALMENTE O AIRE LIBRE OU BEN VENTILADA. – O ACCESO A ESTA ZONA DEBE SER LIMITADO E CONTROLADO EN TODO MOMENTO OLO PERSOAL DO CLUB Ó QUE SE LLE ASIGNE ESTA FUNCION.
ANTES	DEPORTISTAS/ADESTRADORES/ARBITROS	CONTACTO	TODOS	<ul style="list-style-type: none"> – REALIZACIÓN DE AUTOEVALUACION ANTES DA SAIDA DA CASA.
ANTES	PERSOAL DO CLUB/ADESTRADORES/DEPORTISTAS	PERSOA A PERSOA SUPERFICIE DE USO SECUENCIAL/ALTERNO VÍA AÉREA	UTILIZACIÓN DO ALMACÉN.	<ul style="list-style-type: none"> – O ACCESO Ó ALMACÉN DEBERÁ ESTAR LIMITADO A UNHA OU VARIAS PERSOAS, QUE SERÁN OS/AS ENCARGADOS/AA DA CORRECTA MANIPULACIÓN/DESINFECCIÓN DO MATERIAL.

ADESTRAMENTO 29-09-20				
MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
				<ul style="list-style-type: none"> – NO CASO DE QUE SEXA UN ALMACÉN COMPARTIDO POR VARIOS CLUBS, EVITAR EN TODO MOMENTO COMPARTIR ESPAZO ENTRE OS DISTINTOS CLUBS. – SE NALGÚN MOMENTO COINCIDEN VARIAS PERSOAS, MANTER SEMPRE A DISTANCIA INTERPERSOAL E USAR MÁSCARA
DURANTE	ADESTRADORES	AÉREO	DANDO INSTRUCCIÓN AOS DEPORTISTAS	<ul style="list-style-type: none"> – FACELO A DISTANCIA DE SEGURIDADE. – USO DE MÁSCARILLA.
DURANTE	ADESTRADORES	CONTACTO	CHOCAR AS MANS ETC. COS DEPORTISTAS	<ul style="list-style-type: none"> – NON CHOCAR AS MANS.
DURANTE	ADESTRADORES	CONTACTO	USO DE TABLILLAS EXPLICATIVAS QUE LOGO VAN QUEDANDO NO CHAN.	<ul style="list-style-type: none"> – DESINFECCIÓN ANTES DE COMENZAR, DURANTE E DESPOIS.
DURANTE	DEPORTISTAS	CONTACTO	NO XOGO EN SI	<ul style="list-style-type: none"> – USO DE MASCARILLA. – MAXIMO 25 PERSOAS NA PISTA.
DURANTE	ADESTRADORES/DEPORTISTAS	VÍA AÉREA CONTACTO	ESPAZOS DE ADESTRAMENTO.	<ul style="list-style-type: none"> – DELIMITAR ADECUADAMENTE OS ESPAZOS DE ADESTRAMENTO PARA PODER MANTER EN TODO MOMENTO A DISTANCIA DE SEGURIDADE (+1,5 METROS). – RECOMÉNDASE TER EN CONSIDERACIÓN A GUÍA DXTGALEGO Nº2 PARA O CÁLCULO DO ESPAZO POR DEPORTISTA PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO: HTTPS://DEPORTE.XUNTA.GAL/GL/GUIAS-DXT-GALEGO

ADESTRAMENTO 29-09-20				
MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
DURANTE	ADESTRADORES/DEPORTISTAS	MATERIAL DEPORTIVO DE USO SECUENCIAL/ALTERNO	UTILIZACIÓN DO MATERIAL DEPORTIVO DURANTE O ADESTRAMENTO.	<ul style="list-style-type: none"> – LAVADO DE MANS E/OU USO DE XEL DESINFECTANTE DE FORMA CONTINUADA. – DESINFECCIÓN DO MATERIAL ANTES E DESPOIS DA ACTIVIDADE OU DE CADA TAREFA SE FOSE POSIBLE CUN PANO CON LIXIVIA OU XABÓN. – EN NINGÚN CASO COMPARTIR MATERIAL DE USO INDIVIDUAL COMO PODEN SER OS SILBATOS (ADESTRADORES).
DURANTE	DEPORTISTA	CONTACTO	UTILIZACIÓN DE CADEIRAS OU BANCOS	<ul style="list-style-type: none"> – DESINFECCIÓN ANTES DE COMEZAR E DESPOIS – CADA UN TEN SITIO ASIGNADO
DURANTE	DEPORTISTAS	MATERIAL DEPORTIVO DE USO SECUENCIAL	USO COLECTIVO DE ROUPA DE ADESTRAMENTO.	<ul style="list-style-type: none"> – PROHIBIDO O INTERCAMBIO DE PETOS, SUDADERAS OU ROUPA DE ADESTRAMENTO. – SE É POSIBLE, ENTREGAR A ROUPA DE ADESTRAMENTO A CADA XOGADOR/A DE USO INDIVIDUAL PARA TODA A TEMPADA.
DURANTE	DEPORTISTAS	CONTACTO	TODOS XOGAN CO MESMO BALÓN	<ul style="list-style-type: none"> – DESINFECCION BALÓNS ANTES DE COMEZAR, DURANTE (APROX. CADA 30') E DESPOIS. – DESINFECCIÓN MANS ANTES, DURANTE (APROX. CADA 30') E DESPOIS.
DURANTE	DEPORTISTAS	CONTACTO	BEBIDAS	<ul style="list-style-type: none"> – AS BEBIDAS SON INDIVIDUAIS E DEBERÁN ESTAR MARCADAS CO NOME DO DEPORTISTA
DURANTE	DEPORTISTA	CONTACTO	CHAN DA INSTALACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> – DESINFECCIÓN ANTES DE COMENZAR

ADESTRAMENTO 29-09-20

MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTACTO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
				E DESPOIS
DURANTE	DEPORTISTA	CONTACTO	CANASTRAS DE XOGO	– DESINFECCIÓN ANTES DE COMEZAR E DESPOIS
DURANTE	DEPORTISTA	CONTACTO	UTILIZACIÓN DE CADEIRAS OU BANCOS	– DESINFECCIÓN ANTES DE COMEZAR E DESPOIS
DURANTE	DEPORTISTAS/ADESTRADORES/ARBITROS	TODOS	ROTURA MASCARA	ALEXARSE A DISTANCIA DE SEGURIDADE E CAMBIALA MASCARA. DEBERÁN SEMPRE TER RECAMBIOS DE MÁSCARA POR SE ESTO PASA.
DURANTE	DEPORTISTAS/ADESTRADORES/ARBITROS	TODOS	DESPRAZAMENTO MASCARA	ALEXARSE A DISTANCIA DE SEGURIDADE E COLOCALA.
DURANTE	DEPORTISTA	CONTACTO	UTILIZACIÓN BAÑOS	– DESINFECCIÓN ANTES DE COMEZAR E DESPOIS
DURANTE	FISIOS/MÉDICOS	CONTACTO/AÉREO	UTILIZACIÓN MATERIAL MÉDICO	– UTILIZACION LUVAS E MASCARILLAS. AS CAMILLAS, DESINFECCIÓN ANTES E DESPOIS. (SEGÚN ESTABLEZAN OS SEUS PROTOCOLOS).
DESPOIS	ADESTRADORES/DEPORTISTAS/PAIS/FAMILIARES	AÉREO	ENTREGA DOS DEPORTISTAS AOS PAIS	– USO DA MASCARA OBRIGATORIA DUARTE TODA A ESTANCIA NA INSTALACION. – ESTABLECER ZONAS DIFERENTES DE ENTRADA E SAIDA DA INSTALACION. – DESIGNAR UNHA PERSOA QUE ENTREGUE EN NOME DO CLUB ÓS/ÁS DEPORTISTAS NA ENTRADA DA INSTALACIÓN – DISPOR DE XEL HIDROALCÓLICO PARA O USO CONTINUADO DOS ASISTENTES Á ACTIVIDADE POR PARTE DA ENTIDADE

ADESTRAMENTO 29-09-20				
MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
				DEPORTIVO OU O TITULAR DA INSTALACION. – RECOMENDAR A CADA MEMBRO DO CLUB TRAER O SEU PROPIO XEL.
DESPOIS	DEPORTISTAS/ADESTRADORES/ÁRBITROS	CONTACTO/AÉREO	UTILIZACIÓN VESTIARIOS	– NON UTILIZAR OS VESTIARIOS. – VIR CAMBIADO DA CASA.
DESPOIS	PERSOAL DO CLUB/ADESTRADORES/DEPORTISTAS	PERSOA A PERSOA SUPERFICIE DE USO SECUENCIAL/ALTERNATIVO VÍA AÉREA	UTILIZACIÓN DO ALMACÉN.	– O ACCESO Ó ALMACÉN DEBERÁ ESTAR LIMITADO A UNHA OU VARIAS PERSOAS, QUE SERÁN OS/AS ENCARGADOS/AS DA CORRECTA MANIPULACIÓN/DESINFECCIÓN DO MATERIAL. – NO CASO DE QUE SEXA UN ALMACÉN COMPARTIDO POR VARIOS CLUBS, EVITAR EN TODO MOMENTO COMPARTIR ESPAZO ENTRE OS DISTINTOS CLUBS. – SE NALGÚN MOMENTO COINCIDEN VARIAS PERSOAS, MANTER SEMPRE A DISTANCIA INTERPERSOAL E USAR MÁSCARA
DESPOIS	ADESTRADORES	CONTACTO	RECOLLIDA DO MATERIAL UTILIZADO	– DESINFECCIÓN DESPOIS.

COMUNICACIÓN E SEGUIMIENTO DE SINTOMATOLOXÍA COVID-19 E INCIDENCIAS

Cada Club federado DESIGNARA un coordinador FISICOVID-DXTAGALEGO e o comunicará á federación (competiciones@fegaba.com). As súas funcións serán:

- Implementación na súa entidade do protocolo FISICOVID-DXTGALEGO da FGB e ser o interlocutor coa federación galega de baloncesto para a comunicación das incidencias. O obxectivo é desenvolver as actividades deportivas con seguridade e ter unha comunicación fluida entre todos os interlocutores na loita contra a COVID19.

Establécese o seguinte procedemento de comunicación das incidencias entre o club, a federación e a Secretaría Xeral para o Deporte, co obxectivo de poder apoiar ao club organizador da actividade na toma de decisións e de facilitar que flúa a información entre os axentes implicados (clubs, federacións e autoridades deportivas e sanitarias):

- No caso de que nun adestramento/competición se identifique que unha ou varias persoas teña sintomatoloxía COVID19, aplicarase o procedemento establecido no protocolo (COMUNICACIÓN E SEGUIMIENTO DE SINTOMATOLOXÍA COVID-19) e a continuación, o COORDINADOR FISICOVID-DXTGALEGO designado pola entidade deberá contactar co seu interlocutor COVID19 da Federación para informar sobre a situación (Teléfono ou email).
- A federación deberá así mesmo informar á Secretaría Xeral para o Deporte sobre o acontecido (proceso de comunicación co SERGAS, probas realizadas, resultados, decisións do organizador do adestramento/competición sobre o desenvolvemento da actividade a partir do caso de sintomatoloxía COVID-19 (suspensión, continuidade da actividade, etc..).
- No caso de que o club sexa coñecedor de que existe un ou varios positivos entre axentes implicados na realidade deportiva da entidade, tamén se debe informar á federación e á Secretaría Xeral para o Deporte, seguindo o procedemento sinalado nos dous párrafos anteriores.